
XORNADA TÉCNICA DE XUÍCES CONTROLADORES O-PÉ, BICICLETA-MTBO e RAID (28 xaneiro 2017)

▪ PRESENTACIÓN:

Dirixida especialmente a organizadores de probas (2016 e 2017) e Xuíces Controladores de probas no 2016, pero aberta absolutamente a todo o que desexe participar, sobre todo ós efectos de intervir como Xuíz Controlador en probas oficiais galegas no 2017.

▪ DATA:

Sábado 28 xaneiro, en sesión de mañá (de 10:00 a 14:30), e tamén de tarde (de 15:30 a 18:00), se for necesario para acadar os obxectivos marcados.

▪ LUGAR:

Casa Sixto, Sas 44, 15319 Paderne, A Coruña.

▪ OBXECTIVOS:

- Avaliar as incidencias acontecidas nas probas da pasada tempada 2016.
- Asignar Xuíz Controlador a cada proba oficial da tempada actual 2017.
- Debatir as propostas de modificación nas correspondentes normas anuais, pendentes de debate na última reunión da Asamblea Xeral, por encargo desta, a saber:
 - Adaptar as categorías FEGADO ás categorías FEDO en Raid e Bicicleta.
 - Marcar tempo máximo de carreira en probas de Orientación a Pie e Bicicleta.
 - Pechar as categorías Elite de Orientación a Pe.
 - Posibilitar a participación de menores de idade en probas de Raid de Orientación.
 - Modificar, no seu caso, o artigo 7, apartados 2 e 3, das Normas Anuais de Raid de Orientación, no relativo ó número de probas puntuables e ás bonificacións.

▪ INSCRICIÓNS:

Faranse a través dos clubs, mediante un listado indicando o nome da xornada (XORNADA TÉCNICA DE XUICES CONTROLADORES), nome e apelidos dos participantes, e si se quedan a comer en Casa Sixto. Enviarase dito listado mediante correo-electrónico, ata o martes 24 de xaneiro (incluído) a: alejandra@edu.xunta.es (Alejandra Carro).

▪ ADMISIÓN:

25 participantes como máximo, por orden de entrada de inscrición.

▪ COTA DE INSCRICIÓN:

Gratuita (coa excepción da comida, no seu caso).